

NOTA DE PRENSA

A Asociación de Balnearios de Galicia renova o seu compromiso coa Universidade de Santiago no marco da Cátedra de Hidroloxía Médica, que manteñen de xeito conxunto dende 2010

A Axencia de Turismo de Galicia financiará a cátedra durante dous cursos, para o que aportará 60.000 euros

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- A Universidade de Santiago de Compostela asinou esta mañá un convenio coa Axencia de Turismo de Galicia no marco da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia. O obxecto desta iniciativa é apoiar economicamente a cátedra durante o presente exercicio e para o curso académico 2014-2015. Por outro lado, asinouse unha adenda ao convenio firmado no ano 2010 entre a Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia pola que se renova o compromiso entre ambas entidades en relación a esta cátedra.

Na sinatura estiveron presentes a directora da Axencia Turismo de Galicia, **Nava Castro**; o reitor da Universidade de Santiago, **Juan Viaño**; o decano da Facultade de Medicina da USC e director da cátedra, **Juan Gestal**; xunto co presidente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Antonio Garaloces** e o xerente da Asociación, **Benigno Amor**.

En virtude deste acordo, a Axencia Turismo de Galicia vai financiar a cátedra durante este curso e o vindeiro, para o que aportará un total de 60.000 euros. Pola súa parte, a Asociación de Balnearios de Galicia mantén a súa colaboración coa Facultade de Medicina da USC no relativo á planificación académica e á coordinación das actividades da cátedra.

A hidroloxía médica impártese na USC dende hai oito anos

A materia de hidroloxía médica comezou a impartirse na Universidade de Santiago no ano 2006, froito dun acordo coa Asociación de Balnearios de Galicia. Catro anos despois nace a Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia, a segunda que existía en toda España. A súa finalidade é fomentar a docencia, a investigación e a difusión de coñecemento no campo da hidroloxía médica. Nesta liña, organízanse cursos, seminarios e conferencias; trabállase na promoción da investigación neste eido; así como en favorecer a divulgación de todo o relacionado coas aplicacións da hidroloxía no ámbito da medicina.

Tal como destacou esta mañá o presidente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Antonio Garaloces**, “a cátedra xoga un papel fundamental para que os futuros facultativos saian formados na especialidade de hidroloxía médica. Os balnearios empregan auga mineiromedicinal, polo que a figura dos médicos é clave para as empresas termais, como directores médicos dos balnearios e tamén como prescritesores dos tratamentos termais aos seus pacientes”.

Antonio Garaloces, presidente de Balnearios de Galicia: “Os futuros médicos deben saber para que tratamentos se pode prescribir cada tipo de auga mineiromedicinal”

Na súa intervención, o presidente de Balnearios de Galicia lembrou que “existe unha vella vinculación entre a Universidade de Santiago e a hidroloxía médica, que se inicia co ilustre doutor Gómez de Bedoya, médico do Cabido, catedrático de Cirurxía e Anatomía da USC e autor no século XVIII da *Historia universal de las fuentes minerales de España*. Foi o iniciador dunha rica tradición no estudo das augas minerais que continuou nos séculos posteriores con figuras da relevancia do doutor Casares ou da doutora Jimena Fernández de la Vega, entre outras”. E manifestou que “resulta fundamental que esta relación se manteña no tempo”.

“En España o progreso da ciencia no pasado século relegou á hidroloxía médica, centrada no estudo das augas minerais e na súa utilización terapéutica e preventiva, aínda que se mantivo noutros países europeos. Así, dende a Asociación de Balnearios de Galicia consideramos que é preciso un intenso labor de divulgación da acción salutífera dos balnearios para que poidan cumprir a súa función de promocionar, preservar e devolver a saúde, mellorando a calidade de vida dos termalistas” -declarou **Garaloces**- Nesta liña, salientou que “para desenvolver este labor é preciso que as vindeiras promocións de médicos saiban que son as augas minerais, para que tratamentos se pode prescribir cada tipo delas e que cada balneario ten unha especialidade intimamente relacionada coa composición das súas augas minerais”.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es

www.balneariosdegalicia.com